



Miguel Anxo Fernán Vello. // Esperanza González

Blues do estremeceamento

Poesía Blues dun home que se deixa guiar na procura do transcendente

Dicionario do estremeceamento ·

Miguel Anxo

Fernán Vello ·

Espiral Maior, 2007 ·

88 páx · 15 euros



Dicionario no aspecto externo, pois os poemas son titulados tan só con illadas palabras a modo de listaxe lexicográfica (“Confusión”, “Nai”, “Poetas”, “Paciencia”, “Río”, “Pel”, “Civilización...”), no seu interior un rico imaxinario respira nunha reflexión humanista de grande calado. As contradicións da experiencia vital que perturban o ser humano maníféstanse ao longo de todo o poemario como caos universal: a luz fronte á sombra, o lume fronte á auga, o silencio fronte á voz... Un eterno designio: “Estamos condenados / ao doloroso labirinto / de vivir”.

Mais esta condena non é o destino real, senón o aguillón con que a vida nos obriga a enfrontar o reto do coñecemento. No poemario de Fernán Vello múltiples son as orixes do “estremeceamento”, mais só unha a reacción positiva perante as continxencias: “a brasa que nos fai vivir” debe conducirnos a unha procura gnóstica, é dicir, á fórmula revelada en

que a calor cósmica que posuímos nos outorgue luz: “Mais seguimos á procura de nós mesmos, / da palabra perfecta que nos salve / e que invada o mundo.”

O poeta posúe a sensibilidade que o fai visionario entre os membros da comunidade: “O artista ben sabe que a vida é un abismo que nos amordaza. / E nós sabemos contemplar o fulgor dese enigma”. O fulgor da Verdade que a obra de arte transmite, a Verdade que existe en innúmeras metamorfoses e que só a linguaxe artística pode expresar completamente porque non ata cabos, porque abre as imaxes poéticas en relacións complementarias, porque fornece unha lente desde a que observar “os astros liberados do futuro”.

Mais este poemario nace do húmido barreiro da tristeza, aquela producida pola desharmonía que tinxo a nosa vida de azul (esta cor aparece en 17 dos 35 poemas). Se me permiten unha piscadela musical, diría que o *Dicionario do estremeceamento* é o blues dun poeta, un home que se deixa guiar pola súa man na procura do transcendente: “Vivo na respiración do poema / e non teño outro oficio / nin outra patria.”

// Alfredo Ferreiro